

O. VIAXE DÚAS

DIARIO DE RUTA, SAÍDA A SIRGAL

Sirgal, O Xirigal... Dende que teño memoria ouvín falar deste lugar. Seica sé do castelo no que se criou un rei de Galicia e despois de Castela. Algúns témolo máis fresco ca nunca despois de ler a obra *Esperando al rey* de Peridis. Xa podemos estar orgullosos os ulloáns polo lugar de honor que concede á bisbarra este autor ao facela o solar (espazo) no que se desenvolve boa parte da trama!

Coa publicación desta novela de subxénero histórico na que se recrean fitos senlleiros coma o castelo de Monterroso faise xustiza histórica outorgándolle o valor que este territorio tivo no período medieval e abrindo unha porta dende A Ulloa cara o mundo e dende o mundo sobre A Ulloa. Cantos despois de ler a novela non se lles antollará saber máis deste lugar do centro de Galicia?

Unha mirada prosaica permítenos percibir Sirgal na actualidade como unha parroquia máis do rural galego afectada, coma tantas outras, polo despoboamento e polo abandono dos eidos. Fai unhas décadas era coñecida nos arredores porque de alí era o capador que ía de aldea en aldea exercendo o seu oficio. Cantos contos e cantas troulas se teñen orixinado arredor da súa figura! Sen embargo, calquera que se quede nesta impresión de Sirgal anda errado. Son os seus vestixios arqueolóxicos os que a fan diferente. Dela teñen falado Yebra de Ares, Cabana Outeiro e Xoán Cabana, Méndez Vázquez, etc. Pois ben, coa publicación da obra *Castros de Monterroso*, deste último, a algúns naceunos a teima de coñecer máis de Sirgal. Concretamente rabiabamos por chegar ao que Méndez Vázquez denomina “altar de sacrificios”.

Un grupiño de persoas entre os que estaban Carlos Vázquez, coñecido coma Carlos de San Pedro, Francisco Pardo, Jesús Otero e máis unha servidora manifestamos en repetidas ocasións como agoniabamos por chegar alí pero

era tarefa abondo ardua porque a maleza que arrodeaba o lugar facía imposible o acceso.

Así foi que Jesús tratou co Concello de Monterroso e limparon o lugar do matogueira que o agochaba e facilitaron a chegada ata os bens que procurabamos.

Unha vez que era posible a visita elaborouse a convocatoria e datouse para o domingo 29 de outubro. Levabamos tres meses agardando por iste momento.

Esta vez a cita de encontro foi no bodegón O Roán, despois de comprobar que ás 11 da mañá do domingo estaba aberto. Que non nos fora pasar coma cando quedaramos no García para ir a Fente e nos atopamos con que estaba pechado! Anécdotas que fan máis rica cada viaxe!

Alí xuntámonos Francisco Pardo, Antonio Iglesias, Carmen de Prada, Marta Álvarez, Juan Álvarez, Luis Dourado, Carmen del Toro, Carlos Méndez, Braulio Vilariño e máis eu. Os compañeiros Carlos Vázquez e Gregorio Ferreiro excusaron de antemán a súa presenza por quefaceres ineludibles. Comentámolo e sentímolo por eles pois coñeciamos as súas ganas de estar. Tamén falamos da estrañeza que nos causaba que non nos acompañara Jesús Otero.

Despois dos precisos cafés e as madalenas (estas últimas agasallo da casa) puxémonos rumbo ao noso destino. Como a primeira parada era a igrexa de Sirgal e, esta quedaba próxima, algúns decidiron camiñar ese traxecto.

Ésvelta e oufana da súa situación a igrexa loce posición superior respecto do poboado circundante. A súa colocación dista de estar elixida ao chou. Igual cas cousas do espírito reservan un sitio privilexiado en relación coas materiais, así esta edificación ergueita para o recollemento, para a ascese espiritual, para a xuntanza da comunidade e tamén para a elevación da ánima persoal; levántase nun punto elevado dunha pendente, sen coroar a mesma para resgardarse das inclemencias temporais na aba da costa formando un todo coa enorme rocha que lle serve de base, ao abrigo da ladeira.

O primeiro comentario que fixemos ao chegar diante deste ben conservado exemplar neoclásico foi a singular paraxe rochosa sobre a que se ergue.

Segundo conta a lenda popular, e demostran algúns vestixios, esta non é a primixenia igrexa de Sirgal nin este o solar orixinario. Entre todos matinamos que seguramente á hora de trasladala e de erguela se tiveron en conta varias razóns: que o espazo sobre o que se elevaba era un lugar estanco libre de humidades e a peneda proporcionaba un magnífico baseamento encol do que construír os sólidos muros, a proximidade da aldea que sempre repercute nunha maior seguridade e redunda na evitación de espolios indesexados tamén tivo que xogar unha importante baza agora que xa non había castelo nin casas de servidume nos seus arredores.

Ao mesmo tempo é un terreo ermo, estéril para o aproveitamento agrícola pero singular paisaxisticamente canto á imaxe reflectida, e polo tanto, idóneo para cultos relixiosos. Recordamos como a igrexa católica, a miúdo, favoreceu a disposición de edificios e símbolos cristiáns sobre espazos caracterizados nos que perduraron cultos pagáns.

Segundo entramos no camposanto, albiscamos unha pía bautismal ben antiga. De feito é unha simple cunca de pedra propia dos albores do Cristianismo na Ulloa cando o sacramento do bautismo se realizaba por inmersión do fiel. En data posterior foille habilitado un pé e aínda se recibou con cimento o bordo superior.

Á nosa chegada, a igrexa estaba aberta pero agardamos un intre a que rematara a celebración da misa para non estorbar aos devotos que se achaban orando. Alí dentro agardábanos don Jesús. Un a un fomos entrando nun habitáculo coidado e limpo que arrecendía espiritualidade e nos imprimiu un ton baixo coma imponendo o respecto propio do recinto sagrado.

No interior observábase unha nave principal e unha capela lateral de reducidas dimensións na que se agochan unhas preciosas tallas que representan á Sagrada Familia. Foi tal o impacto que nos causou a súa beldade que lle preguntamos a don Jesús pola súa razón de ser. Contounos

que no mes de xuño se sacaban en procesión e era un acto moi bonito de ver. Prometemos volver para esas datas.

Tamén reparamos na imaxe de San Roque con vestimenta peregrina amosando as chagas na pel que adoitan caracterizar as súas representacións.

Outro trazo do interior da igrexa suliñaba a relación cos peregrinos. Neste caso trátase da pía de auga bendita en forma de *venera*, que se sitúa ó pé da porta lateral e que é de máis antigüidade que o propio templo polo que supoñemos que foi traída da Eirexa Vella.

Estes dous elementos que adoitan decorar igrexas de tradición peregrina son unha sinxela coincidencia nesta igrexa ou están indicando que talvez existira algunha vía secundaria de peregrinación a Compostela transcurrido polas inmediacións? Ben, tanto esta igrexa como a primitiva se sitúan nas lindes dun camiño real polo que non se pode rexeitar a hipótese da existencia de certa peregrinación xacobeá. Se a isto unimos a importancia do Monterroso medieval e da contorna do seu castelo, ademais da súa feira; é factible o uso deste itinerario, básicamente tendo en conta que era unha vía alternativa ao descrito no *Codex Calixtinus* e permitía non atravesar o traxecto intermedio entre Portomarín e Palas de Rei do que tan malos informes dá o autor da resonada obra.

Á man dereita, segundo se entra polo portalón principal, sitúase outra pía de auga bendita. Trátase dun cilindro duns 30 cm de diámetro e arredor dun metro de altura. Tamén neste caso é singular porque observamos que se trata dunha pedra reempregada procedente dun uso anterior que ben puido ser o fuste dunha columna ou incluso puido tratarse dun marco de vía. En calquera dos dous casos a súa datación é moitos séculos anterior á da fábrica da igrexa.

Sáímos do templo, don Jesús convidounos a acompañalo ata San Pedro de Frameán. Declinamos a súa oferta contándolle que había unha convocatoria na que se explicaban os diferentes bens que visitaríamos no día e era posible que nos agardara alguén nalgún dos puntos citados pero

contaríamos con el para outra ocasión que Frameán ben o merecía e unha oferta como aquela non era palla.

Antes de afastarnos do templo ascendemos uns metros pola gran rocha que lle serve de asento. Está chea de verdello e carriza. Comentamos se se tería visto limpa algunha vez, se era posible atopar sobre a mesma algunha marca da actividade humana. Talvez estábamos suxestionados pola influencia da saída anterior e queríamos descubrir gravados en todas as rochas.

Mais tamén achamos alomenos dous vertedoiros incontrolados nas inmediacións que non nos aledaron, antes ben, falamos de organizarnos un día e de paso que varriamos a rocha recollíamos aquel lixo.

Todo sexa pola nosa “pel natural” en palabras daquel ulloán célebre que noutrora foi rexidor de Monterroso.

O seguinte destino era a contorna dos Castros. Aparcamos e observamos que había un coche no lugar. Comentamos o caso preguntándonos se sería unha coincidencia ou se talvez era o de alguén que se incorporaba nese punto á viaxe. A segunda opinión era a correcta pois cando percorríamos o camiño do castro atopamos con Jesús Otero que nos agardaba.

Todos xuntos dirixímonos ata a pena exenta que albergaba evidencias de ser manipulada polos nosos antepasados. Chegamos cabo dela. Fun a primeira en subir á súa parte superior. Alí foran escavadas ata tres grandes cavidades para conter líquidos, unha delas xeminada. Estaban conexas por canles e tamén regos de saída cara ó exterior.

Tal como don Carlos sinalara podía tratarse dun ara de sacrificio pero tamén podería ter servido para outros usos relixioso-rituais como o nomeamento ou renovación do xefe do clan, o festexo de determinadas datas astrais do calendario, etc.

A maioría fomos subindo ao ben, eso sí con moito agarimo e de un en un para non danalo. Alí puxemos en común os nosos coñecementos sobre a extensión deste tipo de vestixios por diferentes lugares da Europa atlántica e referímonos ao caso concreto das Illas Británicas tan estudado por investigadores como F. Alonso Romero. Tamén nos decatamos da proximidade

do castro e suliñamos o posible aliñamento da luz solar coa *croa* do castro en certos días como podían ser os solsticios ou os equinoccios. Quedaba facer as comprobacións pertinentes unha vez limpo o castro.

A uns cen metros de distancia érguense unha serie de rochas algunhas con signos evidentes de ter sido devastadas para sacar pedra do lugar. Nunha delas achamos dúas pequenas coviñas.

Ante a evidencia de que esta foi unha zona da que os canteiros retiraron pedra para as construcións precisabamos unha explicación para xustificar porque a primeira rocha exenta que vimos seguía en pé e fora respectada ó longo de varios milenios malia ter uns trazos que a facían ideal para convertela en pezas dun muro e a facilidade de acceso á mesma. Comparando con outros casos coñecidos pensamos que talvez a razón sería a existencia en torno da mesma de certa literatura oral, de certas lendas e crenzas que a farían ser concibida como un reduto sagrado, polo tanto intocable. Recordamos como na contorna aínda seguían subsistindo cultos hídricos, así que a explicación pareceunos convincente.

Se se pode afirmar que unha viaxe cultural na procura de patrimonio é algo vivo, eu así me atrevería a dicilo, polo menos vivido, pois hai un programa que normalmente se cumpre pero sempre sobreveñen unha serie de incidencias que non figuraban nese esquema inicial e que enriquecen a xornada. Neste caso o descubrimento débémollo a Jesús quen achou máis dunha ducia de tocos de raposo con signos evidentes de ser empregados no momento presente. Que delicia!

Demos volta e dirixímonos ao castro, gabeamos polas súas murallas. Nun lateral radicaba outro vertedoiro. Que mágoa! Entre arbustos e maleza puidemos comprobar os cavorcos que se tiñan feito sobre o mesmo para subtraer as pedras que outrora formaron os muros do gran castelo de Monterroso. A simple vista podíanse observar entallas na rocha nai para darlle asento sobre ela aos muros pero non ficaba nada deles, seica serviron para construír o Pazo de San Miguel de Penas e aínda moitas das casas de Sirgal. Sería un traballo interesante acadar información sobre qué casas contan nas

súas paredes con perpiaños ben labrados, signos evidentes de proceder dunha construción nobiliar previa.

Dende o alto do castro dominábase toda a contorna circundante, as vías de acceso ata o castro-castelo, incluída a que procedía da cidade de Lugo ao través do campo do Caracacho, a que comunicaba o castelo co lugar da Feiravella, os vales de arredor e tamén as montañas, o Farelo e aínda a Serra do Faro, os caudais de auga que permitían non quedar nunca desabastecidos.

Todos estivemos de acordo na necesidade dunha escavación arqueolóxica. Abofé que aparecían vestixios dabondo para complementar a historia da bisbarra.

Desandamos o andado ata a pista de Meixonfrío a Monterroso. Do outro lado do castro érguese un cruceiro moderno que está santificando o antigo camposanto da Eirexa Vella. Ao acceder ao mesmo, novamente, como nos tiña acontecido en San Fiz, coincidimos en que aquel era un lugar que revestía paz, que nos levaba a harmonizar coa natureza que nos circundaba, de novo por segunda vez no día, inconscientemente baixamos o volume da nosa voz. Nun cabo do reduto formado por un muro granítico ficaba soterrado un sartego antropeide con parte da tapa cubríndoo. Comprobamos como dentro del había auga malia á gran seca coa que nos enfrontamos este ano.

Recordamos como o día de san Xoán aínda algúns veciños se lavan ao amencer naquela auga para manterse belos e sans o resto do ano e algúns, mesmo asperxen con auga algúns animais. Este dato permitiunos relacionar a peneda exenta e os rituais que noutrora se celebraron sobre a mesma con certos cultos hídricos e cunha data, o solsticio de verán.

Nunha beira do muro atopamos un cacho do que parecía outro sartego. Mágoa que estivera en pedazos. De novo volvemos coincidir na necesidade que hai da escavación arqueolóxica de toda a zona. Seguro que aínda aparecen os cimentos do templo que serviría de oratorio para os donos do castelo e tamén para todos os labregos que vivirían na contorna do mesmo.

Aquí despídese Jesús, os demais acordamos ir ata a Feiravella, lugar emblemático xunto co castelo para o nacemento da vila de Monterroso tal como a coñecemos hoxe.

A seguinte anécdota do día: a maioría, agás don Carlos, tardamos un pouco en arrancar e cando chegamos á Feiravella decatámonos que el non está. Supuxemos que nos estivo agardando e como non acudiamos pensou que acordáramos finalmente non ir. Lamentámolo porque os seus coñecementos sempre son oportunos.

A Feiravella foi a última visita do día. Dispuñémonos enriba do enclave pedregoso, acertado para situar un feiral, pois é un terreo ermo e non se botaba así a perder ningún recurso da natureza. Recordamos como, malia que no século XVI xa non se celebraba aquí a feira, pois xa era coñecido entón como Feiravella, o que implicaba que existía outro reduto para a feira (a feira nova*) aínda pervive hoxe o topónimo. E aínda máis, nos arredores sitúanse a Fonte do Pulpo e o Rego do Pulpo no que as polbeiras terían lavado e desalado o cefalópodo e aínda tamén os utensilios onde o manipulaban. Ditos nomes de lugar consérvanse igualmente.

Poñemos en común que entre este lugar, límite noutro entre Sirgal e Esporiz, segundo o Catastro do Marqués de Ensenada; e os fluxos económicos e sociais emanados dende os mesmos nacería o xermolo do que hoxe é a vila de Monterroso. Pero antes acontecerían moitos feitos e diferentes lugares acollerían a cabeceira do lugar (Esporiz e Pol) pero esas son outras historias ás que trataremos de chegar noutras visitas.

Deica! Vémonos na seguinte viaxe que será en Vilar de Donas. Enclave do que tamén falaremos con xenerosidade e do que disfrutaremos abondosamente. Alí vos espero.

M. J. Gómez

01/11/2017